



RESOLUCIÓN da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), pola que se fai pública a declaración da aldea modelo de Penedo (Boborás-Ourense), a aprobación definitiva da súa guía de ordenación produtiva, a integración cautelar na aldea modelo e a incorporación preventiva ao Banco de Terras de Galicia de determinadas parcelas.

En cumprimento do disposto no artigo 47 ter 8 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, na súa introdución e redacción dada polo apartado dous do artigo 18 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e en cumprimento do disposto no artigo 47 quater 3 da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, na súa introdución polo número dous do artigo 14 da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, faise pública a declaración da aldea modelo de Penedo (Boborás-Ourense), por acordo do 12 de novembro de 2019 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CVE ms8IHtjGm3 verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>, a aprobación definitiva da súa guía de ordenación produtiva, a integración cautelar na aldea modelo e a incorporación preventiva ao Banco de Terras de Galicia de determinadas parcelas, por resolución do 12 de maio de 2021 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), CVE p2U4uBF1c1 verificable en <https://sede.xunta.gal/cve>.

Contra os citados acordo e resolución, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, ante o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 6 e seguintes e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da resolución ou acto administrativo. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

Santiago de Compostela.

A directora xeral da Agader.

Inés Santé Riveira.

(asinado electronicamente)

